



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ASESORES FISCALES Y GESTORES TRIBUTARIOS PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que a Axencia Tributaria de Galicia ten previsto formalizar coa Asociación Española de Asesores Fiscales y Gestores Tributarios un instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos dende a data da firma do convenio. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán mediante adenda acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A ATRIGA e a Asociación Española de Asesores Fiscales y Gestores Tributarios utilizando as novas tecnoloxías da información, ofrecerán aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina a que os contribuíntes voluntariamente encomenden os servizos que prestan en relación coa tramitación de procedementos de xestión tributaria, os seguintes trámites:

- Información sobre o valor dos bens inmobles situados en Galicia que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión e, no seu caso conforme coa normativa vixente, obtención dos acordos previos de valoración que sexan da competencia da Consellería de Facenda.
- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións correspondentes aos seguintes impostos:





a) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados
(ITP- AJD)

b) Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD),

c) Taxa fiscal sobre o xogo realizado en bingos

d) Taxa fiscal sobre o xogo realizado en casinos

e) Taxa fiscal sobre o xogo realizado mediante máquinas de xogo

f) Taxa fiscal sobre o xogo de apostas deportivas e de competición

g) Imposto sobre contaminación atmosférica (ICA),

h) Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e
aproveitamentos de auga embalsada (IDMAE),

i) Canon eólico (CE),

j) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM) e

k) Canon sobre os inmobles declarados en estado de abandono (CIDEA)

- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións
correspondentes ao Imposto especial sobre determinados medios de
transporte a partir do momento en que a Comunidade Autónoma de Galicia
solicite o traspaso dos servizos a eles adscritos.

- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións
correspondentes a taxas, prezos e outros ingresos de dereito público que
autorice no seu momento a ATRIGA.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde
á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

a colaboración social na xestión tributaria constitúe un instrumento previsto no artigo 92 da Lei Xeral Tributaria e conscientes do servizo ao cidadán que pode supoñer concentrar nunha única xestión todos os trámites relacionados coa iniciación dos procedementos administrativos de carácter tributario e, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información, é vontade da ATRIGA e a Asociación Española de Asesores Fiscales y Gestores Tributarios establecer un marco de colaboración apropiado que permita aos asociados, en representación dos contribuíntes que voluntariamente o soliciten, facer e/ou iniciar moitos dos trámites que actualmente están obrigados a realizar ante esta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

Documento asinado dixitalmente á marxe

